



Resolución do 24 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas para o desenvolvemento das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de Formación Profesional do sistema educativo.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente, pola Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mantense a vixencia das medidas preventivas adoptadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia polo Cecop con base no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo, mentres que estea vixente a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno do Estado e a situación de emerxencia sanitaria declarada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino recollidos no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) publicou a Orde EFP/361/2020, do 21 de abril, pola que se adoptan medidas excepcionais en materia de flexibilización das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e das ensinanzas de réxime especial, na que se establecen excepcións na aplicación da normativa reguladora da formación profesional no curso 2019-2020. Na súa disposición derradeira segunda indica que lles corresponde ás administracións educativas competentes de cada comunidade autónoma ditar as resolucións, as disposicións e as instrucións necesarias para garantir a súa eficacia.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7 a flexibilización das medidas no ámbito educativo non universitario no suposto de acordarse a progresión á fase II ou posterior nunha determinada unidade territorial.

A Orde SND/440/2020, do 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, no punto nove do artigo quinto modifica o anexo da Orde SND/414/2020 incluíndo a Comunidade Autónoma de Galicia dentro das unidades territoriais ás que é de aplicación a fase 2 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade.

Publicada a Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.





Tendo en conta o anterior e a Orde do 20 de xaneiro de 2020 pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2020 (códigos de procedemento ED312C e ED312D), e coa finalidade de que as persoas inscritas que superen as probas de acceso poidan participar no proceso de admisión ás ensinanzas de formación profesional sen merma das súas posibilidades é preciso ditar as instrucións para o desenvolvemento das devanditas probas na situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19 e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta resolución ten por obxecto establecer as datas de realización das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, así como as datas dos trámites administrativos necesarios para o seu desenvolvemento, que foron aprazados en aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e de formación previstas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Artigo 2. *Probas de acceso de grao medio*

1. O día 3 de abril foi publicada a resolución provisoria de exencións e de probas adaptadas. Contra estas resolucións provisorias, as persoas interesadas poderán presentar reclamación desde o día seguinte á publicación desta resolución e ata o día 28 de maio, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador das probas, no centro onde se realizase a inscrición. As secretarías dos centros tramitarán as reclamacións a través da aplicación informática. As persoas que se acolleron a posibilidade de presentar reclamación a través do correo electrónico probas.ciclos@edu.xunta.gal non é preciso que fagan ningún trámite novo, xa que a súa reclamación xa foi tramitada.
2. A resolución definitiva de exencións e de probas adaptadas farase pública o día 29 de maio. En caso de resolución denegatoria, figurará na listaxe a causa da denegación.
3. O día 29 de maio farase pública a relación de centros públicos onde se vaian a constituir as comisións de realización das probas, así como os centros adscritos. Esta listaxe publicárase en cada centro onde se realice a inscrición e na páxina web <http://edu.xunta.gal/fp>
4. As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día 10 de xuño de 2020. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición. As probas desenvolveranse no horario que se indica deseguido:
 - Ás 9.00 horas: presentación.
 - Das 9.30 ás 13.00 horas: parte matemática e parte sociolingüística.
 - Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.
5. A relación provisoria de cualificacións farase pública o día 17 de xuño. Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisoria desde o día 17 ata o día 19 de xuño, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizara a inscrición.
6. A relación definitiva de cualificacións farase pública o día 26 de xuño.





7. Todas as persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba en calquera centro educativo público da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con oferta de ciclos formativos de formación profesional, a partir do día 29 de xuño.

Artigo 3. *Probas de acceso de grao superior*

1. As probas de acceso aos ciclos de grao superior terán lugar o día 11 de xuño de 2020. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición. As probas desenvolveranse no horario que se indica deseguido:
 - Ás 9.00 horas: presentación.
 - Das 9.30 ás 13.00 horas: parte común da proba (Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá).
 - Das 16.00 ás 18.30 horas: parte específica da proba (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo a que se desexe acceder, segundo o anexo VII da orde da convocatoria).
2. A relación provisoria de cualificacións farase pública o día 17 de xuño. Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisoria desde o día 17 ata o día 19 de xuño, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizara a inscrición.
3. A relación definitiva de cualificacións farase pública o día 26 de xuño
4. Todas as persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba en calquera centro educativo público da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con oferta de ciclos formativos de formación profesional, a partir do día 29 de xuño.

Artigo 4. *Medidas de prevención*

Durante a realización das probas respectaranse todas as medidas de prevención e hixiene recollidas no protocolo do Ministerio de Educación e Formación Profesional para a realización da avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) 2020, así como o establecido na Resolución, do 22 de maio de 2020, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería ou calquera outra medida establecida para os centros educativos.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

